

Lista de comprobación para a preparación de envíos

Como parte do proceso de envío, os autores/as están obrigados a comprobar que o seu envío cumpra tódolos elementos que se enumeran a continuación. Ademais é obrigado enviar a Carta de presentación e a Primeira Páxina con cada traballo (agás para a editorial AGAMFEC e científica). Devolveranse aqueles envíos que non cumpran estas directrices.

Requisitos:

- ✓ Carta de Presentación e Primeira Páxina
- ✓ O envío non foi publicado previamente nin está sometido a consideración por ningunha outra revista. Non se terán en conta para estas restricións as teses académicas nin os resumos de comunicacións, conferencias ou relatorios
- ✓ Dispónse do consentimento informado/autorización do CEIC se as normas da revista así o indican para este tipo de artigo
- ✓ O texto cumpre os requisitos estilísticos e de formato recollidos nas Normas de Publicación da revista
- ✓ O texto preséntase no formato especificado no documento modelo para cada sección da revista.
- ✓ Sempre que sexa posible, proporcionaranse direccións URL para as referencias.

NORMAS DE PUBLICACIÓN.

Empregarase o documento modelo na sección correspondente ao tipo de traballo enviado.

A revista acepta traballos en galego, español e inglés.

Tódolos traballos enviarán os seguintes documentos:

- Carta de presentación
- Primeira páxina
- Manuscrito (anónimo)

Carta de presentación

Dirixirase ao comité editorial da revista solicitando a publicación do artigo nalgunha das seccións.

Ademais, deberá incluír os seguintes apartados:

- Título do traballo e o nome dos autores.
- Describir o tipo de traballo que presenta: artigo de investigación, caso clínico, etc
- Xustificación da investigación e dos achados

Primeira páxina: Debe incluír os seguintes puntos pola orde na que se citan:

1. Título: debe ser conciso e informativo, evitando na medida do posible o uso de abreviaturas. Sempre debe presentarse en español e en inglés, tamén deberá estar en galego se éste é o idioma orixinal do manuscrito.

2. Autores: indique o nome e apelidos de cada un dos autores na orde na que desexe que aparezan. Deben incluírse os datos de filiación de tódolos autores (nome e enderezo da institución á que pertence o autor). A filiación sinalarase cun número arábigo como superíndice ao final do apelido do autor correspondente, este número precederá ao nome e enderezo da institución. Indique a dirección de correo electrónico de cada autor.
3. Sinala ao autor de correspondencia. Esta persoa será a encargada da correspondencia coa revista durante o proceso de avaliación e publicación do artigo.
4. No caso de que un dos autores modifícase o seu enderezo, pode indicalo como supeíndice cunha letra minúscula tralos apelidos e especifícalo como nota ao pé. En calquera caso manterase como filiación o enderezo de realización do traballo.

Manuscrito

Debe ser anónimo, é dicir, en ningún caso poden aparecer datos identificativos dos autores ou institucións. Véxanse as normas concretas de cada sección:

- Orixinais
- Editorial
- Editorial Científica
- Para saber máis
- Casos Clínicos
- Cartas ao editor
- Humanidades.

ORIXINAIS:

Acéptanse investigacións cuantitativas, cualitativas e revisións sistemáticas. Nesta sección publicaránse traballos que presenten estudos clínicos ou epidemiolóxicos ou experiencias comunitarias, tanto utilicen metodoloxía cuantitativa ou cualitativa. Tamén se publicarán traballos que pretendan responder a unha pregunta concreta mediante a revisión crítica da literatura científica ou outras fontes de evidencia.

Non haberá número máximo de autores, pero lémbrese que tódolos asinantes deben ter contribuído de forma relevante á realización do artigo/investigación. Se se trata dun traballo dun grupo de investigación débese poñer o nome do grupo tralo nome dos autores máis implicados na elaboración do traballo (recomendándose neste caso limitar o número a seis). A totalidade de membros do grupo relacionarase como anexo ao final do traballo. Os autores só deben aparecer na Primeira Páxina, nunca no manuscrito.

Os traballos de investigación con participación de persoas ou animais deben manifestar que cumpren as Normas de Boa Práctica Clínica, Declaración de Helsinki, Convenio de Oviedo, así como normativa de protección de datos, manexo de historia clínica e outra normativa de aplicación segundo o tipo de estudo. Deben ter a avaliación dun comité de ética de investigación.

Asimesmo deben contar co consentimento informado. Se polas características do estudo non fose viable a obtención do consentimento, débese xustificar. No caso de estudos con datos de saúde, lémbrese que a súa utilización con fins de investigación sen o consentimento dos suxeitos fonte terá que cumprir o establecido na Disposición adicional 17ª da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Ademais, seguirase o procedemento de uso de datos pseudonimizados en investigación establecido pola institución responsable da información afectada.

Requisitos:

- Resumo: incluírase no manuscrito
- Palabras chave: incluíranse no manuscrito
- Manuscrito: anónimo
- Puntos clave: incluíranse ao final do manuscrito
- Táboas e figuras: máximo 6, enviaranse nun arquivo aparte e tamén se incluírán no lugar correspondente no manuscrito
- Bibliografía: incluírase no manuscrito, máximo 30 referencias bibliográficas
- Anexos: opcional, incluíranse no manuscrito despois da bibliografía, numeraranse con números romanos
- Esquema do estudo: opcional. Enviarase nun arquivo aparte e tamén se incluírá no lugar correspondente do manuscrito.

Resumo:

Requisitos:

- Incluirá o título do traballo
- Sempre debe presentarse en español e en inglés, tamén deberá estar en galego se éste é o idioma orixinal do manuscrito.
- Extensión: máximo 250 palabras.

Estructura:

- Obxectivo: identificación clara do propósito principal do estudo.
- Deseño: descrición do deseño do estudo (ensaio clínico aleatorio, estudo de casos e controis...) e as súas características básicas se son relevantes (dobre cego, multicéntrico...). Se o deseño non corresponde a un deseño claro, deben indicarse as súas características principais (transversal ou lonxitudinal, prospectivo ou retrospectivo, observacional ou de intervención, controlado ou non controlado...).
- Emprazamento: marco ou nivel de atención sanitaria (atención primaria, hospitalaria, comunitaria...).
- Método/medicións:
 - o Participantes: características dos pacientes, criterios de selección, número de suxeitos incluídos e número de non respostas e abandonos que se produciron.
 - o Intervencións (en estudos de intervención): características principais, incluíndo a pauta de administración e duración, das intervencións realizadas tanto no/s grupos de estudo como no/s de comparación.
 - o Medicións principais: principais variables do estudo, especialmente a variable de resposta utilizada e o seu método de avaliación.
- Resultados: principais resultados, identificando o tipo de medida utilizado e o seu correspondente intervalo de confianza. Cando sexa conveniente, deberáse incluír o nivel de significación estatística.
- Conclusións: principais conclusións que se derivan dos resultados do estudo, incluíndo a súa aplicación práctica.

Palabras chave:

Deben presentarse en español e inglés, tamén en galego se éste é o idioma orixinal do traballo.

Mínimo 3; máximo 6: derivadas do Medical Subject Hedings (MeSH) da National Library of Medicine. Dispoñible en <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/mesh>

Manuscrito:

Será anónimo. Incluirá nesta orde: título, resumos, palabras chave, texto con figuras e táboas e esquema do estudo (se dispón del), lista de abreviaturas (opcional), conflito de intereses, contribución de autores, agradecementos (opcional), bibliografía, anexos (opcional) e puntos clave.

Recoméndase unha extensión entre 2500 e 3000 palabras, sen contabilizar título, resumos, palabras chave, táboas, lista de abreviaturas, conflito de intereses, contribución de autores, agradecementos, bibliografía nin puntos clave.

Estructura: debe adaptarse á estrutura Introducción/Métodos/Resultados e Discusión, seguindo as seguintes recomendacións:

- **Introducción:** Debe presentar a situación actual do coñecemento sobre o tema e o contexto no que se enmarca o estudo. O obxectivo do estudo debe estar claramente definido. A introducción debe ser máis breve posible e apoiarse nun número reducido de referencias bibliográficas clave.
- **Material e métodos:** Debe incluír o deseño do estudo, o emprazamento onde se realizou a investigación (marco de atención), os criterios de inclusión e exclusión e o mecanismo de selección dos participantes, as intervencións realizadas (se procede), as definicións e técnicas de medida das variables, o seguemento dos suxeitos e a estratexia de análise e probas estatísticas utilizadas. Debe redactarse con suficiente detalle para que o estudo sexa reproducible. Recoméndase usar epígrafes para organizar a información (poboación de estudo, intervencións, seguemento, análise estatística....).
- **Resultados:** Debe presentar, non interpretar, os achados principais relacionados co obxectivo do estudo. Poden utilizarse epígrafes para facer máis clara a presentación. É conveniente usar táboas e figuras sen repetir os datos no texto. Os resultados principais deben incluír os correspondentes intervalos de confianza, e indicar claramente o tipo de medida e as probas estatísticas utilizadas, nos casos que proceda. Recoméndase resaltar a táboa ou figura que conteña os principais resultados do estudo, cunha descrición dos mesmos na lenda.
- **Discusión:** É conveniente estruturala nos seguintes epígrafes (cando sexa de interese): limitacións do deseño utilizado; comparación coa literatura científica, intentando explicar as discordancias que se observen; aplicabilidade práctica dos resultados, realizando unha valoración da súa relevancia clínica; e directrices para futuras investigacións sobre o tema.
- **Agradecementos:** A persoas ou institucións que, sen cumprir os requisitos de autoría, colaboraran na realización do traballo, prestaran axuda material, técnica ou económica. Debe indicarse o tipo de contribución.
- **Lista de abreviaturas:** opcional
- **Conflito de intereses:** declararase a existencia ou non existencia de conflito de intereses. Para referirse á financiación usarase a seguinte frase: "O presente traballo foi financiado por: nome completo da institución, localidade [beca número], data da concesión". No caso de que o traballo non recibira financiación usarase a seguinte frase: "A presente investigación non recibiu axudas específicas de axencias do sector público, sector comercial ou entidades sen ánimo de lucro".
- **Contribución dos autores:** tódolos autores deben cumprir os criterios de autoría: 1) contribución substancial na concepción e no deseño, ou na adquisición de datos, ou na análise e interpretación dos datos; 2) redacción do artigo ou revisión crítica do seu contido intelectual; 3) aprobación final da versión que será publicada
- **Agradecementos**

Puntos clave:

Tódolos traballos orixinais deben incluír unha táboa cos puntos clave para facilitar a comprensión do traballo aos lectores que non desexen ler o artigo completo. Debe incluír un máximo de 3 frases curtas e precisas que indiquen o que se sabía sobre o tema antes de realizar este estudo e a necesidade de levalo a cabo (baixo un epígrafe O coñecido sobre o tema), e outro máximo de 3 frases que indiquen qué aporta este estudo ó coñecemento previo del tema (baixo el epígrafe Qué aporta este estudo).

Esquema do estudo (opcional): Nos traballos complexos, é recomendable incluír tamén unha figura co esquema do estudo que indique o número de suxeitos en cada unha das etapas do mesmo e os motivos das non respostas, perdas e abandonos que se produzan. A lenda da figura debe resumir as principais características do deseño do estudo. Se o estudo corresponde a un ensaio clínico aleatorio, esta figura debe seguir o esquema da declaración CONSORT.

EDITORIAL AGAMFEC

Son escritas ou encargadas pola Xunta Directiva da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria.

O número máximo de autores é de tres.

Requisitos:

- Manuscrito: recoméndase unha extensión máxima de 600 palabras (sen contabilizar a bibliografía nin as táboas)
- Táboas/figuras: máximo 2
- Bibliografía: ata 10 referencias bibliográficas.

EDITORIAL CIENTÍFICA

Son escritas por encargo do Consello Editorial da Revista.

O número máximo de autores é de tres.

Requisitos:

- Manuscrito: recoméndase unha extensión máxima de 600 palabras (sen contabilizar a bibliografía nin as táboas). Declararase a existencia ou non de conflito de intereses
- Táboas/figuras: máximo 2
- Bibliografía: ata 15 referencias bibliográficas.

PARA SABER MÁIS

Nesta sección publicaránse traballos por encargo do Consello Editorial da Revista, preferentemente aos grupos de traballo da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria. Pero tamén se poderán incluír outras aportacións ou revisións de interese (non só traballos por encargo, nin exclusivamente textos procedentes de grupos de traballo da AGAMFEC), que aporten un valor engadido de cara á actualización de coñecementos para a Medicina Familiar e Comunitaria.

Requisitos:

- Manuscrito: recomendase unha extensión máxima de 3000 palabras (sen contabilizar a bibliografía nin as táboas). Declararase a existencia ou non de conflito de intereses
- Táboas/figuras: máximo 6
- Bibliografía: 45 referencias bibliográficas.

CASOS CLÍNICOS

Neste apartado presentaránse casos clínicos de especial relevancia para a atención primaria. Non se trata da exposición de casos de excepcional observación, senón de situacións clínicas reais da consulta de atención primaria e que deban terse en conta. Deben ter interese docente.

O número máximo de autores é de tres.

Requisitos:

- Manuscrito: recomendase unha extensión máxima de 600 palabras (sen contabilizar a bibliografía nin as táboas)
- Táboas/figuras: máximo 2
- Bibliografía: 10 referencias bibliográficas.

O manuscrito constará dos seguintes apartados:

- Introducción: datos clínicos relevantes, exploración física e probas complementarias xustificadas.
- Diagnóstico, comentando o proceso e os diagnósticos diferenciais excluídos.
- Conclusión: reflexión sobre as características do caso e a situación actual do problema descrito.
- No caso de participación ou presentación de datos de persoas é obrigado facer constar que se dispón do consentimento informado

CARTAS AO EDITOR

Nesta sección publicaránse preferentemente e coa maior rapidez posible cartas que comenten artigos aparecidos recentemente na revista.

A carta enviaráselle aos autores do artigo ao que se refire e, se estes desexan contestala, a carta e a súa réplica publicaránse simultaneamente. Tamén se aceptarán cartas o director que presenten experiencias e opinións de interese para a atención primaria como informes curtos de estudos de investigación e descrições de series de casos clínicos. No texto deste tipo de cartas débese facer referencia aos obxectivos, deseño do estudo, medicións, resultados e conclusións principais

O número máximo de autores será de 4

Requisitos:

- Manuscrito: recoméndase unha extensión máxima de 600 palabras (sen contabilizar a bibliografía nin as táboas). Declararase a existencia ou non de conflito de intereses
- Táboas/figuras: máximo 1
- Bibliografía: 6 referencias bibliográficas. No caso de cartas que se refiran a un artigo publicado, unha das referencias debe corresponder a este artigo.

HUMANIDADES

Neste apartado publicaranse traballos literarios, de historia, reflexións persoais, chistes, fotos, entrevistas a persoas relevantes, anécdotas... Calquera cousa que amose sentimentos, emocións, coñecementos non meramente científicos e que poida ser de interese para os lectores da revista.

O número máximo de autores será 3.

Requisitos:

- Presentación do autor: breve presentación do autor (nome, apelidos, lugar de nacemento e filiación), cunha breve biografía que non excederá das 50 palabras.
- Manuscrito: recomendase unha extensión máxima de 1300 palabras (sen contabilizar a presentación do autor, a bibliografía nin as táboas)
- Táboas/figuras: máximo 2
- Bibliografía: 10 referencias bibliográficas.

ASPECTOS FORMAIS

Táboas

As táboas deben ser sinxelas e aportarse en formato editable (non como imaxe). Utilice unha única cuadrícula para cada táboa individual. Non utilice sombreados. Debe incluírse sempre un pé de táboa explicativo. As táboas deben numerarse con números arábigos de forma correlativa segundo a súa aparición no texto. Deben referenciarse no texto e non duplicala información do mesmo.

Figuras

Deben ser autoexplicativas incluíndo un pé de figura e as unidades utilizadas. Non deben repetir información presentada en táboas. No caso de ser procedente, é recomendable que exista unha representación gráfica dos intervalos de confianza. As figuras deben numerarse con números arábigos de forma correlativa segundo a súa aparición no texto

Imaxes

Inclúa as imaxes no manuscrito, procure usar as fontes que se asemellen ás ilustracións. Numere as imaxes de forma correlativa. Cada imaxe terá un pé de páxina e enviaranse no tamaño semellante ao que debería ter as imaxes na publicación. Enviaranse ademais de no manuscrito nun arquivo independente.

Formato: no caso de usar unha aplicación de Microsoft Office (Word, PowerPoint o Excel), remita a imaxe no formato propio do arquivo. Se usou outras aplicación debe converter os arquivos a algún dos seguintes formatos: JPEG, BMP, PNG

Bibliografía:

Debe estar en formato Vancouver. O número de referencia bibliográficas depende da sección da revista (consultar na sección correspondente), deben selo máis recentes e relevantes posible.